

### Cooperación empresarial

## **FRANQUÍAS EROSKI E ATA ASINAN UN ACORDO DE COLABORACIÓN PARA DAR APOIO E IMPULSAR O EMPRENDEMENTO**

- **EROSKI establece un marco de cooperación que permite achegarlles alternativas aos autónomos que buscan diversificar a súa actividade actual cara a un sector máis estable e con boas perspectivas de futuro**
- **A rede de Franquías de EROSKI vén de ser galardoada na Feira de Franquías de Baleares, quinto premio acadado nos últimos cinco anos**

**Madrid, 18 de xuño do 2019.-** Franquías [EROSKI](#) e a Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos (ATA) asinaron un convenio de colaboración para lles dar apoio a autónomos consolidados e impulsar o emprendemento. O convenio rubricárono o presidente de ATA, Lorenzo Amor, e o director de Franquías EROSKI, Enrique Martínez, na sede da Federación e establece un marco de cooperación que permite achegarlles alternativas aos autónomos que buscan diversificar a súa actividade actual cara a un sector máis estable e con boas perspectivas de futuro.

O acordo permanecerá vixente durante un ano e materializarase en accións que potencien o apoio ao colectivo emprendedor, como a difusión entre os asociados de ATA do proxecto de franquías de EROSKI, entre outras opcións.

O presidente de ATA, Lorenzo Amor, afirmou que *“estamos satisfeitos de que EROSKI se sume ao noso prestixioso grupo de colaboradores e moi agradecidos pola confianza depositada en nós. EROSKI achéganos a experiencia e a excelencia dun actor clave no sector do retail e, sobre todo, no noso modelo de negocio da franquía, unha alternativa cada vez máis valorada polos autónomos, especialmente por aqueles que precisan renovar o seu modelo de negocio ou buscar unha saída próxima ao relevo xeracional e á súa xubilación. Moitas veces son as que dicimos que cando un pequeno comercio de alimentación morre, ese contorno rural onde se sitúa reséntese. Queremos ofrecer unha saída que cree emprego e que dinamice a economía de tantas pequenas e medianas localidades de España”*.

O director de Franquías EROSKI salientou que *“con este acordo queremos reforzar o noso compromiso co emprendedor, a quen, polo noso modelo cooperativo, pois somos traballadores-propietarios, entendemos mellor ca ninguén nas súas incertezas e nas súas necesidades e tratamos en todo momento de axudalo e darlle resposta. O noso modelo de franquía ofrécelles unha alternativa de negocio aos empresarios nun sector alimentario cunha forte compoñente de estabilidade”*.

**ATA**

A Federación Nacional de Trabajadores Autónomos-ATA leva 25 anos defendendo e representando ao traballador autónomo. Actualmente é unha organización de ámbito nacional integrada por máis de 210.000 autónomos socios de cota que sumados aos de cesión de representación levan a ATA a sumar máis de 450.000 autónomos.

**Franquías EROSKI**

EROSKI constitúe actualmente a segunda rede de supermercados franquados de España. EROSKI mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, cun balance de máis de 267 inauguracións nos últimos 4 anos, e alcanza o medio milleiro de supermercados franquados na actualidade. Durante o exercicio 2019 a cooperativa ten previsto inaugurar unhas 50 franquías.

A rede de Franquías EROSKI vén de ser premiada na primeira edición da Feira de Franquías de Baleares co premio de libre elección polo Salón de FrankiBalears. Nos últimos anos, EROSKI foi recoñecida co Premio Nacional á Mellor Franquía de Comercio de España en dúas ocasións. O obxectivo deste galardón é poñer en valor e recoñecer o labor dos principais actores que operan nesta modalidade de negocio. A insignia de EROSKI recibiu tamén o premio á Empresa Franquiadora que máis postos de traballo creou no 2014 e durante o primeiro semestre do 2015, no marco da Feira Frankinorte e no 2017 recibiu o Premio á franquía máis destacada no sector comercial/retail na Feira de Franquías e Negocios do Sur (fifSUR).

*Información:*

<b>EROSKI</b> Dirección de Comunicación Corporativa Xurdana Fernández, Tel.: 946 211 214 <a href="mailto:comunicacion@eroski.es">comunicacion@eroski.es</a> Oficina de Prensa – Consejeros del Norte Joana G. Landazabal / Edurne Izquierdo Tel.: 944 158 642	<b>ATA</b> Geles Martínez Tel.: 914445850 - 619099879 <a href="mailto:comunicacion@ata.es">comunicacion@ata.es</a> Ana Riaño <a href="mailto:prensa@ata.es">prensa@ata.es</a>
---	--